

**CONTIDOS****1.ª AVALIACIÓN**

Tema 10: FIGURAS PLANAS. ÁREAS
Tema 11: CORPOS XEOMÉTRICOS
Tema 12: VOLUME DE CORPOS XEOMÉTRICOS
Tema 13: FUNCIONES

2.ª AVALIACIÓN

Tema 14: ESTADÍSTICA
Tema 4: SISTEMA SEXAXESIMAL
Tema 5: EXPRESIONES ALXÉBRICAS
Tema 6: ECUACIONES 1º GRAO E RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS

3.ª AVALIACIÓN

Tema 8: PROPORCIONALIDADE NUMÉRICA
Tema 9: PROPORCIONALIDADE XEOMÉTRICA
RESOLUCIÓN DE PROBLEMAS

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude		5%
Conceptos e procedementos	Probas escritas	80% (40% controis e 60% exame avaliación)
	Traballos	10%
	Lecturas/libreta	5%

A avaliación será continua e integradora. Basearase na observación sistemática e pautada do proceso de aprendizaxe a través de preguntas, traballos individuais ou en grupo, probas orais e escritas e entrevistas.

Ao longo do curso realizaranse tres avaliacións seguindo o calendario aprobado polo claustro.

En cada avaliación haberá como mínimo dúas probas escritas ou exames. No último exame de cada avaliación poderán preguntarse ao alumnado por **toda** a materia dende o comezo do curso ata ese momento. No caso de que obteña unha nota inferior a 3 nesta proba, non fará media coas anteriores e o alumno/a terá que recuperar na avaliación seguinte.

Si a nota media dunha avaliación é superior en 0,75 ao enteiro anterior, levará como nota o seguinte número enteiro (exemplos: nota media:5,8 → nota avaliación:6 ; nota media:5,6→ nota avaliación:5).

A cualificación final do alumno/a obterase mediante a media ponderada das cualificacións das tres avaliacións cos seguintes “pesos” en porcentaxes: **1ª avaliación: 25%**, **2ª avaliación: 35%**, **3ª avaliación: 40%**.

Nas probas escritas descontarase 0,05 por faltas de ortografía ata un máximo de 1 punto.

No caso de detectar que se está copiando nun exame, retirarase o mesmo inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar os seus coñecementos nunha proba que realizará diante de alomenos dous membros do departamento.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Si

Lecturas recomendadas (non obrigatorias), exemplares na Biblioteca do IES:

Malditas matemáticas: Alicia en el País de los Números. La selva de los números. Pongame un kilo de matemáticas. El señor del cero.

Lecturas recomendadas (non obrigatorias, Lectura desde internet): El diablo de los números

<http://www.librosmaravillosos.com/eldiablodelosnumeros/index.html>

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Canguro Matemático, Campionato de Polinomios, Olimpiada de Matemáticas 2º ESO, Open Matemático,



CONTIDOS

1ª AVALIACIÓN

- A palabra, a frase e a oración. As clases de palabras. O substantivo (xénero e número). O adxectivo e o artigo, tipos.
- Uso do «h». Uso do «n» e do «ñ». Uso do «s» e do «x».
- As linguas en expansión e as linguas en regresión. As linguas minorizadas. O ecoloxismo lingüístico.
- O signo lingüístico. As relacións semánticas. A precisión léxica. A sinonimia. A hiperonimia. A hiponimia.
- A carta: características. Tipos.
- Os diarios persoais: características. Os tipos de diarios persoais.
- O discurso.
- A lírica. Elementos da lírica: estrofas, a medida dos versos e a rima. As formas líricas populares. As formas líricas cultas. As principais formas cultas da lírica galega.

2ª AVALIACIÓN

- O pronome persoal. Tipos. Os pronomes determinantes.
- O verbo. Persoa, tempo, modo e voz.
- Uso do «b» e do «v». Uso do «x», do «ll» e do «i». Uso correcto dos grupos consonánticos «cc» e «ct».
- A polisemia. A homonimia. A antonimia.
- A reportaxe. A crónica e o coloquio.
- O xénero narrativo. Elementos e recursos propios do xénero narrativo. Tipos de diálogos e de descrições. Os subxéneros narrativos: o conto, a lenda e a novela.
- As variedades xeográficas do galego.
- O galego e o portugués.
- A lingua galega e a súa lexislación.

3ª AVALIACIÓN

- Verbos regulares e irregulares. Formas non persoais.
- O adverbio, a preposición e a conxunción.
- O texto: adecuación, coherencia e cohesión (conectores textuais).
- Uso de grupos consonánticos. Uso da diérese.
- Os prexuízos lingüísticos.
- Os campos semánticos. Topónimos e xentilicios. As frases feitas. Os refráns.
- O texto instrutivo, expositivo e descritivo. Características e tipos.
- O teatro. Xéneros e subxéneros.
- Outros xéneros: xornalismo, didáctica e historia.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

Conceptos e procedementos	Libro lectura	Actitude	Traballo clase/casa
60%	10%	10%	20%

Faranse como mínimo dúas probas escritas e unha oral por avaliación, que computan o 60% da nota. O 40% restante repártese entre o libro de lectura obrigatoria, a actitude e o traballo na casa e na clase. Para aprobar a avaliación é necesario obter un 5 na media. Non se pode aprobar se nas probas escritas e orais se obtén menos dun catro nalgunha delas ou se non se demostra a lectura do libro marcado como lectura obrigatoria para cada trimestre. Descontarase por faltas de presentación ou ortográficas leves (0,05) e por faltas graves (0,10) ata un máximo de 1,5 ptos.

Se un alumno falta a unha proba sen xustificante médico ou de deber inexcusable, terá un cero nese apartado. O mesmo para a entrega dos traballos, non se recollen fóra de prazo.

No caso de detectar que se copia nun exame retirase a proba inmediatamente e daráselle ao alumno/a a oportunidade de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.

A nota final do curso obtérase facendo a media das tres avaliacións, sempre que non haxa menos dun 4 en ningunha delas. Quen non chegue ó cinco poderá realizar un exame final de recuperación. As lecturas obrigatorias poden recuperarse ó longo do curso.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Participación na hora de ler: SI

Lecturas obrigatorias (hai exemplares na biblioteca).

1º trimestre: Pódese escoller entre: TORO, Suso de, *Conta saldada*, Editorial Obradoiro Alfabuara/Marina Mayoral, *Chamábase Luís*, Editorial Xerais/ *Unha estrela no vento*, Xerais, Leticia Costas. Na clase imos ler: *O achado do castro*, de Núñez Singala. Hai exemplares suficientes no centro.

2º trimestre: *A Odisea contada aos nenos*, por Rosa Navarro Durán, ed. Rodeira.

3º trimestre: Pódese escollerse entre: *Corredores de sombras*, Agustín Fernández Paz, Xerais./*Chamando ás portas do ceo*, Jordi Sierra i Fabra, Rodeira/ *Momo*, Michael Ende, Editorial Obradoiro.

Lecturas recomendadas (hai exemplares na biblioteca).

O corazón de Xúpiter, Leticia Costas, Xerais.

Na fogueira dos versos, Antonio García Teijeiro, Xerais.

Endogamia 0.2, Ramón Caride, Xerais.

A illa do tesouro, R. L. Stevenson, Xerais

A chamada da selva, Jack London, Xerais.

As lágrimas de Shiva, César Mallorquí, Rodeira.

Trece anos de Branca, Agustín Fernández Paz, Rodeira.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Participación nas actividades de Dinamización Lingüística.

Uso do espazo Abalar. Da rede social educativa Edmodo e da Aula Virtual.

Asistencia a unha actividade complementaria: representación teatral, contacontos, excursión, monólogo...



IES de Mugarodos. Departamento de LINGUA CASTELÁ
E LITERATURA

MATERIA : LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

PROFESOR: TELMO DE PAZ DE LUIS

ESO
2º ESO
2014-2015

CONTIDOS

PRIMEIRA AVALIACIÓN

Leng verbal y no verbal Identificar funciones del lenguaje.	La oración SN suj.- SV pred. Concordancia	Vocabulario temático El cuerpo humano	Diccionario de sinónimos y antónimos	El lenguaje literario Figuras literarias	Ortog Ev. 1
Textos expositivos	Núcleo del SN Concordancia	El cuerpo humano	Dicc de dudas	Géneros literarios	Ortog.1
El informe	Los determinantes y los pronombres	Actitudes y sentimientos del ser humano	Estruct. de la palabras Sufijos	Lírica: medida y rima	Ortog.1
El folleto informativo	Complementos del nombre	Actitudes y sentimientos del ser humano	Campos semánt. Familia y relaciones sociales	Lírica: estrofa y poema	Ortog 1

SEGUNDA AVALIACIÓN

Textos instructivos	Estructura del sintagma verbal Morf. Flexibl.	Fenómenos atmosféricos	Sufijos que forman adverbios, adjetivos y verbos	La narrativa tradicional La épica.	Ortografía 2
Impresos	Conjugación verbal Voz activa	Fenómenos atmosféricos	Palabras simples y compuestas	La novela y el cuento Temática y estructura	Ortog. 2
Tyrbajo monográfico	Verbos irregulares Voz pasiva	Núcleos de población	Precisión léxica	El narrador	Ortog. 2
Mural	Clases de predicados. Atributo, C Pred.	Núcleos de población	Polisemia y monosemia	Personajes, tiempo y espacio	Ortog 2

TERCEIRA AVALIACIÓN

Textos periodísticos	Complementos del P V CD, CI, C de régimen	Árboles y plantas	Lenguaje figurado	El teatro La comedia	Ortog.
Textos argumentativos	El adverbio. Circuns. C Agente	Árboles y plantas	La homónima	La tragedia	Ortog. 3
La tertulia y el debate	Clases de oraciones	La música y los espectáculos	Sinonimia y antonimia	El drama	Ortog 3
La reclamaciones	Clases de oraciones	La música y los espectáculos	Campo semántico y familia léxica	Puesta en escena	Ortog 3

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDIMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación é continua e individualizada; xa que logo, presupón a observación do proceso de ensino-aprendizaxe e a adaptación da metodoloxía ás necesidades, capacidades e ritmo de traballo dos alumnos e alumnas. O alumnado recibirá pautas claras sobre como se lle está a avaliar.

-Probas ou exames tanto orais como escritos suporán o 60% da nota. Nas probas escritas poderase descontar ata 1,5 puntos por mala presentación, mala caligrafía, ortografía deficiente, expresión descoidada, etc. Será necesario acadar unha nota mínima dun 4 nos bloques lingüístico e literario do programa para poder facer a media aritmética e calcular a nota final.

-Traballos monográficos, resumos, controis ou comentarios **dos libros obrigatorios: 10% da nota.**

-**Actitude** axeitada, cunha participación activa e positiva, con asistencia puntual, comportamento educado e respectuoso, **traballo diario na casa**, entrega puntual das tarefas, esforzo por progresar, etc., **30% da nota da avaliación**

-É imprescindible que o alumno teña disposto para a súa entrega o caderno no que se recollan os exercicios, as tarefas de aula, os apuntamentos, etc. O caderno debe recoller todo o traballado na aula mailas tarefas para facer na casa.

-Ao longo do curso realizarán os controis pertinentes para comprobar o grao de consecución dos obxectivos propostos en cada tema así como unha avaliación trimestral.

-O alumno debe entregar as fichas, os traballos monográficos, resumos, etc. propostos na aula.

-É necesario ter lido os libros propostos para o curso e demostrar a súa comprensión.

Para a avaliación dos alumnos teranse en conta tanto as actitudes, o comportamento, o esforzo por superarse como os contidos avaliados en probas orais e escritas, en traballos monográficos, fichas, resumos, caderno do alumno, etc

PLAN DE LECTURA ANUAL

As lecturas que seguen son obrigatorias e condición “sine qua non” para aprobar a materia. Os alumnos que o desexen poden ler outra obra máis, voluntariamente, ao longo da avaliación. Farán outra proba de lectura e, de resultaren aptos, subirán a nota media en 0'5 puntos a ter en conta no apartado do traballo na casa.

Primera avaliación:

Gabriel García Márquez: *Relato de un naufrago*. Tusquets editores.

Segunda avaliación:

A elegir entre...

Marc Levy: *Ojalá fuera cierto*. Editorial Debolsillo.

Ursula Poznanski: *Erebos*. Editorial Alfabeta.

Tercera avaliación:

A elegir entre...

John Green: *Bajo la misma estrella*. Editorial Nube de tinta.

Jay Bonansinga: *El asesino del hielo*. Editorial Plaza y Janés.

Participación na HORA DE LER sempre que sexa posible.

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Non se contemplan de momento.

CONTIDOS		
1.ª AVALIACIÓN	2.ª AVALIACIÓN	3.ª AVALIACIÓN
Units 1,2,3 (Switch 2, ed. Oxford)	Units 4,5,6 (Switch 2, ed. Oxford)	Units 7,8,9 (Switch 2, ed. Oxford)
PROXECTOS E ACTIVIDADES RELACIONADOS CON CADA UNIDADE		

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN			
Actitude	10%	10%	Interese Comportamento Participación
Conceptos e procedementos	90%	65%	Listening 10%
			Speaking 10%
		Reading 10%	
Traballos 15 %	10%	Writing..... 15%	
		Use of English (Grammar and Vocabulary) 20%	
Lecturas 10%	10%	Projects..... 10%	
		Homework and Notebook Work 5%	
			Books 10%

ACTITUDE: O alumno/a non debe amosar comportamento disruptivo nin abandono, considerándose abandono: falta de asistencia e retrasos continuados, ausencia de traballo na clase e na casa, falta de atención na clase, non traer material de forma reiterada, non facer exames, traballos

CONCEPTOS E PROCEDEMENTOS:

A) Avaliación da proba oral: O alumno/a demostrará unha competencia mínima en cada unha das destrezas na aprendizaxe dunha lingua estranxeira. En Setembro non se realizará proba oral.

B) Traballos: Cada "Project" puntuarase sobre 10 e farase a nota media dos traballos realizados no trimestre.

C) Lecturas obrigatorias: O alumno/a deberá demostrar mediante traballos a comprensión das lecturas marcadas para este nivel. En Setembro non se realizará proba dos libros de lectura.

AVALIACIÓN POSITIVA: para aprobar a materia o alumno debe acadar un **50% mínimo na proba e debe chegar a un 50% na valoración global da materia.**

RECUPERACIÓN DA MATERIA: Farase unha avaliación continua da materia

No caso de detectar que se copia nos exames retirarase o exame inmediatamente e daráselle a oportunidade ao alumno/a de demostrar oralmente os seus coñecementos. No caso de negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.

Na proba de Setembro teranse en conta as tarefas de recuperación propostas para facer durante o verán, se o profesor o estima oportuno e contarán ata un máximo dun 20% da nota de Setembro e un 80% a proba de listening, reading, writing, use of English.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Si

Lecturas Obrigatorias/Recomendadas: Sen determinar

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Plan ABALAR

Programa CUALE(A1,A2,B1)



IES de Mugaros. Departamento de FRANCÉS

MATERIA Francés
PROFESOR/A M^a Olga Recio Sánchez

ESO

2.º ESO
2014 - 2015

CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN

Unidades 5 e 6 de *Pluriel 1* e Unidade 0 de *Pluriel 2*, editorial Santillana.

2.ª AVALIACIÓN

Unidades 1-2-3 de *Pluriel 2*

3.ª AVALIACIÓN

Unidades 4-5 de *Pluriel 2*

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude:	Respeto, interés, coidado do material...	10,00%
Conceptos e procedementos:	Probas escritas/orais: -Comprensión oral e escrita -Expresión oral e escrita	70%
	Traballos Traballo diario, cuaderno persoal, caderniño de actividades, deberes...	20,00%

A avaliación será continua, aínda que se poderán facer recuperacións ao longo do curso.

Para aqueles alumnos que non teñan aprobados todos os trimestres realizarase no mes de xuño unha proba global de recuperación.

-Nos traballos contará a súa calidade, e non so o feito de telos entregado. Descontará se se entregan fóra de prazo.

-Nas probas escritas, cando deban escribir en español, descontaranse 0,05 por faltas leves (ex: tiles) e 0,1 por faltas máis graves.

-No caso de detectar que se copia nos exames retirase o exame e o profesor tomará as medidas que estime oportunas, como facer outro exame nunha data diferente No caso de negarse poñeráselle un cero.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Sí

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Tarefas empregando os recursos da aula ABALAR



Departamento de CCSS – XEOGRAFÍA E HISTORIA

CURSO: 2.º ESO

PROFESOR: Francisco Canoura Quintana

CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN:

Tema 1: O inicio da Idade Media a Tema5: A época do gótico

2.ª AVALIACIÓN:

Tema 6: Al-Andalus a Tema 12: A Europa do Barroco

3.ª AVALIACIÓN:

Tema 13: A poboación do mundo a Tema 17: As cidades en Europa, España e a Comunidade.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Actitude			
Conceptos e procedementos		Probas escritas	70%
		Traballos	20%
		Lecturas	10%

Nas probas escritas descontaranse 0,05 por faltas leves (ex: tiles) e 0,1 por faltas máis graves.

No caso de detectar que se copia nos exames retirárase o exame inmediatamente e poráselle un cero.


PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Si/

Lecturas Obrigatorias/Recomendadas

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...

Excursións e saídas á contorna



CONTIDOS

1ª AVALIACIÓN

- unidade 1: tecnoloxía. o proceso tecnolóxico
- unidade 2: hardware e software
- unidade 4: materiais

2ª AVALIACIÓN

- unidade 3: internet
- unidade 5: a madeira e os seus derivados
- unidade 6: materiais metálicos

3ª AVALIACIÓN

- unidade 7: expresión e comunicación gráfica
- unidade 8: estruturas e mecanismos
- unidade 9: electricidade

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación será continua tendo en conta todos os elementos que compoñen o currículo.

Como instrumentos de avaliación poderán utilizarse entoutros:

1.- **observación directa** do traballo na aula-taller e na aula de informática.

Na aula taller valorarase:

- o traballo diario realizado polo alumno(exercicios, actividades propostas para casa, etc...)
- o manexo correcto das ferramentas.
- o cumprimento das normas de seguridade.
- a actitude cara a asunción de responsabilidades dentro do grupo.

Na aula de informática valorarase:

- o traballo diario realizado polo alumno(exercicios, actividades propostas para casa, etc...)
- o manexo correcto das ferramentas informáticas.
- o cumprimento das normas de uso da aula de informática.
- a actitude cara a un uso responsable das ferramentas informáticas.

2.- **probos escritos ou orais ou probos con ferramentas informáticas**. Farase unha proba por unidade didáctica e cando menos, dúas probas por avaliación.

3.- **producións realizadas polos alumnos/as**: maquetas, informes escritos, traballos monográficos, etc...No que se valorará:

- a claridade na exposición escrita
- a utilización da simboloxía axeitada na representación gráfica.
- os datos obtidos cos instrumentos de medida.

As producións realizadas polo alumnado (maquetas, informes, traballos, etc...) e as probas escritas ou orais ou probas con ferramentas informáticas serán puntuadas cunha nota numérica de 0 a 10. Nos traballos escritos restarase 0,1 puntos por cada falta de ortografía ata un máximo de 0,5 puntos.

A cualificación que acade un alumno en cada avaliación calcularase do seguinte xeito:

% da nota	Concepto
80%	Media aritmética das probas escritas (ou orais ou probas con ferramentas informáticas) realizadas
10%	Valoración das producións realizadas polos alumnos (traballos escritos, informes, proxectos ...).
10%	Valoración da actitude (puntualidade, traballo diario, respecto ós demais, cumprimento das normas de seguridade, manexo correcto de ferramentas). O desvío á Aula de Atención a Diversidade así como as amoestacións verbais ou escritas, suporán unha redución de 0,1 puntos (por cada unha) da nota de actitude


O alumno terá que acadar como mínimo unha puntuación de 5 como cualificación da avaliación para que se considere que acadou os obxectivos programados e poida aproba-la dita avaliación.

A nota do curso calcularase como media aritmética das tres avaliacións. No caso de que un alumno non acade os obxectivos programados do curso, fará unha proba final de todos os contidos da materia.

No caso de que se detecte que un alumno está a copiar nunha proba ou traballo, esta proba ou traballo será puntuado con 0.

PLAN DE LECTRURA ANUAL

Hora de ler: Si



IES de Mugardos.

Departamento de Filosofía.

MATERIA

Educación para a Cidadanía

PROFESOR/A

Juan Ignacio Arnott Fernández.

ESO

2.º ESO
2014 - 2015

CONTIDOS

1.ª AVALIACIÓN

Unidade 1. Persoa e cidadanía: autonomía, autoestima e responsabilidade.

Unidade 2. A dignidade humana: os Dereitos Humanos e a súa expresión. Relacións entre dereitos e deberes. A universalidade dos dereitos humanos. A igualdade de dereitos entre homes e mulleres. A non discriminación. Hábitos de vida saudables.

2.ª AVALIACIÓN

Unidade 3. Convivencia na familia, escola e sociedade. Dereito e deber de participar. Os cauces de participación.

Unidade 4. A democracia e os seus desafíos: o pluralismo na sociedade democrática. Identificación de situacións de marxinación, desigualdade e discriminación. Importancia da iniciativa privada na vida económica e social.

3.ª AVALIACIÓN

Unidade 5. A diversidade social e os seus problemas. A necesidade de normas. A Constitución.

Unidade 6. Os servizos públicos e os bens comúns. Os impostos. Hábitos cívicos: os espazos públicos e o medio ambiente. Protección civil. Seguridade vial.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

...Instrumentos

Cuestionarios e fichas de traballo, para ter unha avaliación de partida sobre coñecementos previos.

Caderno de aula, para levar constancia do traballo diario e detectar erros conceptuais.

Con cada tema, de forma individual, realizaranse exercicios ou traballos propostos para alcanzar os obxectivos desa parte da materia. Tamén proponense algúns traballos en grupo.

Nalgúns casos faranse probas orais ou escritas.

Procedementos

Os traballos deberán entregarse na data solicitada, estean ou non rematados .

Os traballos deberán entregarse con portada onde aparecerá o título, e con unha contraportada onde aparecerá o enunciado do exercicio e o número de avaliación, así como o nome, apelidos, curso e número do alumno/a.

Haberá actividades de recuperación ou reforzo de maneira voluntaria, consistirán en repetir aqueles traballos que obtiveran peores puntuacións, trala pertinente explicación, trátase de repetilos para melloralos. O profesor/a marcará unha data por trimestre para a recollida destes traballos.

Criterios de Cualificación

Os traballos e as probas escritas ou orais contan o mesmo facendo a media matemática por avaliación de todos os resultados obtidos.

Se os traballos non se presentan na data solicitada (por motivos non xustificables) o profesor/a pode decidir non recollelo, e a nota será de 0, se se recolle terá como máximo un 5. Como norma xeral o alumnado disporá de prazo a clase seguinte para entregalo se non é así non se recollerá tendo un 0 nesa parte.

As probas escritas feitas na clase, serán avaliadas cun máximo de 10 e un mínimo de 0.

É importante planificar e ter previsión dos recursos necesarios para o desenvolvemento da actividade proposta, polo que dúas faltas de material necesario para traballar na clase , nun mesmo trimestre, suporá un 0 a engadir ás notas desa avaliación.

O resultado final nas distintas avaliacións será a media matemática de tódolos resultados obtidos. Tendo en conta para subir e baixar cualificacións os erros ortográficos e a mala expresión, a ausencia ou non participación nas actividades extraescolares ou complementarias propostas polo departamento, a falta de limpeza na presentación, o desorde, a participación activa na clase, o esforzo e a actitude na aula, e as faltas de asistencia ou puntualidade. Respecto deste último terase en conta a norma do NOF onde di que:Cando se produza reiteración de faltas de puntualidade tratarase como unha falta contraria ás normas de convivencia que se comunicará á familia.

A recuperación final da signatura será facendo a media matemática das distintas avaliacións, adonde a lo menos deberá ter un 4 para poder facer esta media. De non superar a signatura por este sistema poderá facerse proba escrita de tódolos contidos do curso ben en xuño, ben en setembro.

No caso de que na realización das probas escritas, o alumnado empregase métodos de comunicación, copia ou información non permitidos, o exame en cuestión terá un 0. Se ese mesmo alumno/a volve a empregar ese método, na segunda ocasión, ademais do 0, poderá perder o dereito á recuperación desa avaliación e terá que facer un global final, e se insiste unha terceira vez poderáselle avaliar oralmente de aquí en adiante.

Para o alumnado que non asista á realización das probas escritas nas datas marcadas , o profesor/a decidirá que facer dependendo da xustificación da falta, no caso de enfermidade con xustificante o profesor/a marcará outra data para a realización do mesmo.

A avaliación do alumnado que perda o dereito á avaliación continua dependerá dos motivos desta perda, un dos motivos desta perda a acumulación de faltas de asistencia non xustificadas(12 por asignatura). No caso de motivos xustificables se acordará co profesor/a o traballo ou traballos máis axeitados e a data da recollida.

Noutros casos, haberá que presentar todo o traballo do curso ,e se o profesor/a o cre convínte, farase proba escrita de tódolos contidos, acordarase co profesor/a a data para tal.

PLAN DE LECTURA ANUAL

Hora de Ler: Non

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS, TIC, PROGRAMAS...